Compromiso coa solidariedade

EROSKI SÚMASE UN ANO MÁIS Á GRAN RECOLLIDA DOS BANCOS DE ALIMENTOS

- **A campaña celebrarase do 13 ao 15 de novembro nos hipermercados, supermercados e establecementos franquiados participantes.**
- **A clientela poderá facer unha achega económica ao pasar pola caixa e, en determinados establecementos, entregar tamén alimentos non perecedoiros.**
- **Durante o primeiro semestre do 2026, Grupo EROSKI evitou o desperdicio de máis de 14.000 toneladas de alimentos e doou 378 toneladas a entidades sociais.**
- **Este ano cúmprense 30 anos do inicio da colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos.**

Elorrio, 12 de novembro de 2026.- EROSKI colabora un ano máis coa Gran Recollida, a campaña solidaria impulsada pola Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL) e os seus Bancos de Alimentos asociados. A iniciativa celebrarase do venres 13 ao domingo 15 de novembro co obxectivo de apoiar a labor que estas entidades desenvolven en favor de persoas e familias en situación de vulnerabilidade.

Durante os tres días de campaña, a clientela poderá colaborar doando o importe que desexe ao pasar pola caixa. A achega quedará reflectida no tique de compra e porase ao dispor dos Bancos de Alimentos para adquirir os produtos básicos que precisen en cada momento.

Ademais, determinados establecementos EROSKI habilitarán a recollida física de alimentos non perecedoiros os días 13 e 14 de novembro, coa participación de persoas voluntarias dos Bancos de Alimentos e a colaboración dos equipos de tenda. A forma de participación dispoñible estará debidamente sinalizada en cada establecemento.

A doazón económica permite aos Bancos de Alimentos axustar a adquisición de produtos ás necesidades das persoas que atenden, ademais de facilitar o seu almacenamento e distribución.

«Un ano máis, queremos facilitar que a nosa clientela poida participar na Gran Recollida e contribuír á labor esencial dos Bancos de Alimentos. A colaboración entre as persoas consumidoras, o voluntariado, os equipos de tenda e as entidades sociais demostra a capacidade da cooperación para dar unha resposta concreta ás familias que máis o

EROSKI - Responsable de Comunicación Corporativa
Patricia Martín Sanchidrián
Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO - Axencia de prensa
Silvia Peralta
Tel: 917 379 950

necesitan», explicou **Alejandro Martínez Berriochoa**, **director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI**.

Pola súa banda, **Pedro Llorca**, **presidente de FESBAL**, sinalou que *«desde a Federación Española de Bancos de Alimentos e os 53 Bancos de Alimentos asociados, agradecemos profundamente a implicación de EROSKI e da súa clientela nunha iniciativa tan necesaria como a Gran Recollida. O noso obxectivo é seguir ofrecendo, en cada momento, os alimentos que requiren as familias que atendemos. Este tipo de alianzas son esenciais para sustentar a nosa labor e manter viva a cadea de solidariedade que une toda a sociedade»*.

30 anos de colaboración cos Bancos de Alimentos

A relación de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase ao 1996. A iniciativa xurdiu por proposta do Banco de Alimentos de Bizkaia e das propias persoas consumidoras, que demandaban á cooperativa accións solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e persoas en risco de exclusión social. Ese mesmo ano comezaron as primeiras campañas de recollida de alimentos nas tendas de EROSKI.

Ao longo destas tres décadas, a colaboración ampliouse mediante distintas iniciativas dirixidas a facilitar a redistribución de alimentos e apoiar as entidades sociais. No 2025, as campañas desenvolvidas por Grupo EROSKI xunto cos Bancos de Alimentos permitiron doar 1.504 toneladas de alimentos, equivalentes a seis millóns de comidas.

EROSKI foi recoñecida co Premio Espiga de Ouro, o máximo galardón concedido por FESBAL ás organizacións que destacan pola súa colaboración cos Bancos de Alimentos e a súa contribución á redistribución solidaria de alimentos.

Solidariedade e aproveitamento dos alimentos

A participación na Gran Recollida intégrase no compromiso de EROSKI coa solidariedade e a prevención do desperdicio alimentario. Durante o primeiro semestre do 2026, Grupo EROSKI evitou o desperdicio de máis de 14.000 toneladas de alimentos. Destas, 12.141 toneladas corresponderon a produtos destinados ao consumo humano, equivalentes a 48 millóns de comidas, e 378 toneladas foron doadas a entidades sociais.

Este resultado responde a unha estratexia que combina a comercialización de produtos con descontos especiais, as doazóns a organizacións sociais, a colaboración con plataformas de aproveitamento alimentario e a mellora dos procesos de xestión en tenda.

Estas iniciativas forman parte do programa Desperdicio Cero, un modelo baseado na prevención e na redución de perdas alimentarias. Neste marco, EROSKI colabora con preto

EROSKI - Responsable de Comunicación Corporativa
Patricia Martín Sanchidrián
Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO - Axencia de prensa
Silvia Peralta
Tel: 917 379 950

dun centenar de entidades sociais para canalizar alimentos aptos para o consumo cara a colectivos que os necesitan.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,32 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial omnicanal, a finais do 2025, suma 1.508 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de ópticas, tendas de deportes e outras actividades non alimentarias. Ademais, conta con máis de 6 millóns de socios clientes e máis de 28.200 persoas no seu cadro de persoal, das cales máis de 8.300 son socias propietarias.

EROSKI - Responsable de Comunicación Corporativa
Patricia Martín Sanchidrián
Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO - Axencia de prensa
Silvia Peralta
Tel: 917 379 950